



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Planificación e xestión de destinos e produtos turísticos de patrimonio cultural e natural			Código	615524017
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Análise Económica e Administración de EmpresasDereito Público EspecialEconomía Aplicada 1Economía Aplicada 2MedicinaSocioloxía e Ciencia Política da Administración				
Coordinación	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es		
Profesorado	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es		
Web					



Descrición xeral

Con este programa preténdese unha comprensión da diversidade das dinámicas culturais e as políticas patrimoniais tanto dende o punto de vista natural como cultural. Establécese como obxectivo prioritario a formación na planificación social e na xénese de modelos de proxectos socioculturais e turísticos para unha posta en valor dos bens patrimoniais nunhas estratexias de desenvolvemento socioeconómico, tendo en conta a valoración dos procesos identitarios. Reflexiónase tamén sobre as tendencias e os retos culturais que emerxen na nosa sociedade.

Tentarase tamén aproximar ós alumnos e alumnas á Interpretación do Patrimonio como disciplina ou ferramenta axeitada para conferir ese uso social que debe ter o patrimonio, de xeito que este poda ser percibido, e que produza unha actitude positiva do público visitante con respecto ó recurso. A Interpretación poderíase definir, tal como o fai a Asociación para a Interpretación do Patrimonio como a arte de revelar in situ o patrimonio ó público visitante no seu tempo de ocio.

Polo tanto, esta materia tratará de dotar aos alumnos do coñecemento científico e da metodoloxía precisa para a análise dos bens patrimoniais e o turismo , e o posterior desenvolvemento de políticas culturais e turísticas que leven a un maior coñecemento e conservación do patrimonio cultural e natural, a un incremento na satisfacción dos visitantes e a unha maior calidade de vida da poboación local.

Fontes multimedia elaboradas polos profesores (a disposición do alumnado en Moodle):

Presentacións en Power Point 1 e 2

Autor: José Leira

P1: Explicación xeral da materia

P2: Planificación e xestión de novos produtos e destinos turísticos de patrimonio cultural e natural

Ademáis, na plataforma Moodle, os profesores porán a disposición do alumnado unha serie de documentos en pdf para consulta voluntaria, de gran utilidade para complementar a materia ou o futuro profesional.

TRABALLOS

Os traballos propostos para esta materia, tal como se explica no apartado de avaliación, son dous.

Traballo do profesor Leira: consiste na lectura de catro breves textos propostos polo profesor, sobre os que os alumnos



terán que facer unha recensión. Extensión máxima, 6 páxinas

Partes das que constará o traballo:

1-Breve resumo das lecturas

2-Comentario crítico final que relacione o contido dos textos coas posibilidades de deseñar un proxecto de desenvolvemento socioeconómico do territorio baseado nun turismo que se sinta atraído polos bens culturais e patrimoniais.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Explicar o proceso da planificación interpretativa	AP1 AP2 AP5	BM2 BM10 BM12	CM5 CM7
Determinar a presenza da Interpretación do patrimonio e avaliar a súa efectividade	AP1 AP2 AP5	BM2 BM10 BM12	CM5 CM7
Interiorizar os principios da xestión do patrimonio e o seu valor e repercusións sociais	AP1 AP2 AP5	BM2 BM10 BM12	CM5 CM7
Analizar textos e argumentar no ámbito do patrimonio	AP1 AP2 AP5	BM2 BM10 BM12	CM5 CM7
Identificar as bases da disciplina da Interpretación do Patrimonio	AP1 AP2 AP5	BM2 BM10 BM12	CM5 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cultura, natureza e patrimonio. Memoria e territorio	1.1. Conceptos 1.2. Recursos patrimoniais 1.3. Bens de interese cultural e natural
2. Memoria colectiva, cultura e patrimonio: tres eixes do cambio social. Os proxectos socioculturais	2.1. Desenvolvemento socioeconómico baseado no patrimonio e o turismo cultural. 2.2. Bases para o deseño de proxectos socioculturais.
3. Do obxecto patrimonial ao produto turístico	3.1. Planificación, xestión e eficacia social. 3.2. Procesos e políticas patrimoniais e turísticas
4. A Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Os medios interpretativos	4.1. Historia e significado. 4.2. Premisas fundamentais 4.3. Clasificación dos medios de IP
5. A elaboración da mensaxe interpretativa	5.1. A Interpretación secuencial e temática. O tópico e o tema. 5.2. A comunicación e a Interpretación.
6. A planificación interpretativa	6.1. Fases na planificación 6.2. O cálculo do potencial interpretativo 6.3. A avaliación 6.4. Boas prácticas en interpretación
7. Bens culturais, interpretación e turismo	7.1. Desenvolvemento socioeconómico 7.2. Construción de proxectos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Traballos tutelados	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	0	15	15
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5	0	15	15
Discusión dirixida	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	4	0	4
Lecturas	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	0	10	10
Sesión maxistral	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	26	0	26
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Pódese realizar de xeito presencial ou utilizando as novas tecnoloxías da información e as comunicacións.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Tanto os alumnos presenciais coma os non presenciais desenvolverán este tipo de traballo.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p> <p>Máis dirixido ao alumnado presencial</p>
Discusión dirixida	<p>Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre e espontánea sobre un tema, aínda que xeralmente estarán coordinados por un moderador.</p> <p>Co alumnado presencial desenvolverase durante a clase e co non presencial a través dos foros de participación obrigatoria</p>
Lecturas	<p>Lecturas que debe realizar o estudante a proposta dos textos sinalados polos profesores. Implica un incremento do coñecemento da materia e a formación do espírito crítico preciso. Considérase imprescindible no contexto en que se desenvolve esta formación.</p> <p>Establécense unhas lecturas obrigatorias tanto para os alumnos presenciais como para os non presenciais, tal como se especifica na avaliación. Engádense moitos documentos de lectura na plataforma Moodle, para que estean a disposición do alumnado, pero a súa lectura non é obrigatoria</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral, presencial e/ou apoiada con tecnoloxías da información e as comunicacións, e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Dirixida aos alumnos presenciais.</p> <p>Para o alumnado non presencial, estas clases sustítúense polas presentacións en power point detalladas sobre os contidos, con consultas a través do correo electrónico ou explicacións con grabacións ou por skype.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Traballos tutelados</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Discusión dirixida</p> <p>Lecturas</p>	<p>As clases impartiranse durante dúas semanas de forma presencial e atenderase aos alumnos on line. Resolveranse dúbidas cando sexa preciso, mesmo despois desas datas.</p> <p>O ensino desta materia combinará os seguintes métodos:</p> <p>Modalidade presencial</p> <ul style="list-style-type: none"> - Clases expositivas por parte dos profesores nas que se tratará de fomentar a participación do alumnado - Exercicios prácticos para desenvolver de xeito individual ou en grupo na clase - Lectura e análise de textos - Estudio de casos - Saída de campo - Incremento das horas de dedicación ao alumno para asesoralo nos puntos anteriores. <p>Modalidade a distancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentacións da materia en Power Point, acompañados de arquivos de voz ou vídeos - Lectura de textos recomendados. Estudo de casos - Resolución de dúbidas on line - Foros de discusión - Contacto a través do correo electrónico e Skype <p>As pautas para os traballos na modalidade on line daranse a través da plataforma moodle. A atención ao alumnado farase a través da plataforma ou do correo electrónico dos profesores.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	<p>Análise pormenorizada dun lugar no que se empregue a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Seguiranse as pautas propostas pola Profesora María Elvira Lezcano (plataforma Moodle). Extensión máxima: 10 páxinas</p> <p>Este traballo será correxido pola profesora Lezcano</p>	40
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5	<p>Asistencia ou traballo en conxunto ou individual na aula ou na plataforma virtual, a partir de cuestións propostas polos profesores.</p> <p>Para o alumnado presencial pode ser a asistencia á saída de campo ou a participación dalgunha actividade proposta na clase</p> <p>Para o alumnado non presencial valorarase a través da participación nos foros e a calidade das argumentacións presentadas neles.</p>	10
Discusión dirixida	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	<p>Para o alumnado on line participación nos foros propostos</p> <p>Para o alumnado presencial, participación nas clases.</p>	10



Lecturas	A1 A2 A5 B2 B10 B12 C5 C7	Realización dunha recensión e comentario crítico a partir de catro pequenas lecturas, propostas polo profesor José Leira (en moodle). Extensión máxima: 6 páxinas. Este traballo será correxido polo profesor Leira	40
----------	------------------------------	--	----

Observacións avaliación

A data límite para a entrega dos traballos ou as participacións no foro (1) é arredor dun mes despois da etapa de docencia (11 de abril). Especificarase dun xeito máis concreto 15 días antes do comezo da materia.

(1) Prégase que as intervencións se fagan dun xeito progresivo a medida que se van consultando os materiais. O alumnado presencial que non poda asistir ás clases por causa xustificada, terá que comunicarse cos profesores para tratar de substituír a docencia perdida, seguindo as pautas do alumnado on line.

Fontes de información

Bibliografía básica

- LEIRA, J. ((1999)). Memoria colectiva, cultural y patrimonio. Tres ejes del cambio social". En: Historia Regional e Local (III). Cámara Municipal de Maia, Maia (Portugal)
 - LEIRA, J ((2003)). Cultura proyectual y turismo emergente". En: Sociología del Turismo, Rubio Gil, A. (Coord.), Editorial Arie
 - LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2011)). El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa. .En: Boletín de Interpretación nº 25, AIP. "<http://www.interpretaciondel patrimonio.com/bole>
 - PADRÓ, J. ((2000)). La gestión del patrimonio. Una perspectiva territorial". O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario. Leira y Méndez. Deputación da Coruña
 - MIRÓ, M. ((2000)). El patrimonio en busca de su lugar en el mundo. Una reflexión sobre los modelos de puesta en valor del patrimonio en España". En: O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario. Leira, J. y Méndez, R. (coords.). Depu
 - TILDEN, F. ((2006)). La interpretación de nuestro patrimonio. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla.
- As catro primeiras referencias son as de lectura obligatoria para o traballo do porfesor Leira
As catro primeiras referencias son as de lectura obligatoria para o traballo do porfesor Leira



Bibliografía complementaria	<p>- GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M.E. y SERANTES, A. ((2014)). Interpretación do patrimonio artístico: guía para profesionais do turismo. CEIDA (Centro de Extensión UNiversitara e Educación Ambiental de Galicia, Oleiros, A Coruña</p> <p>- HAM, S. ((1992)). Environmental Interpretation. A practical guide for people with Big Ideas and Small Budgets. Fulcrum Publishing, Colorado.</p> <p>- LEIRA, J. ((2001)). &quot;El turismo cultural como sistema dinamizador. Eficacia y planificación social&quot;. En: Desenvolvemento e planificación municipal do turismo. Álvarez Sousa, A. (Coord.). Ariel, Madr</p> <p>- LEIRA, J. ((2007)). Europa: As raíces da construción de novas identidades. Claves reflexivas para un debate&quot;. En: Aulas no Camiño. Diálogos nun Camiño da Cultura Europea. Leira, X. (ed.). Servizo de publicació</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2012)). El Camino de San Andrés de Teixido: Una experiencia turística auténtica, emocional e integral&quot;. En: Actas del I Congreso Internacional EJTHR, Destination Branding, Heritage an Authenticity. ISBN 97</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((2004)). A reinterpretación do patrimonio como cultura e economía : os casos de Galicia e Illes Balears&quot;. En: Actas do XV Congreso Nacional de Historia da Arte, Universitat de les Illes Balears, Palma de Ma</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((1999)). Novas tendencias en Museoloxía: A Interpretación do patrimonio&quot;. En: Actas do congreso Desenvolvemento Municipal do Turismo, Universidade da Coruña, A Coruña.</p> <p>- MORALES, J. ((1998)). Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio. Instituto Andaluz del Patrimonio, Sevilla</p> <p>- MORALES, J. ((2008)). El sentido y metodología de la interpretación del patrimonio&quot;. En: La comunicación global del patrimonio cultural. MATEOS RUSILLO, S.M. (coord.). Ediciones trea,</p> <p>- PRENTICE, R. ((1993)). Tourism and heritage attractions. Routledge, London.</p> <p>- HAM, S. ((2015)). Interpretación: para marcar la diferencia intencionadamente. Asociación para la Interpretación del Patrimonio (AIP; Valladolid</p> <p>- LEIRA, J. ((2011)). La interpretación necesaria en el Turismo Cultural. De los principios de Tilden a los procesos actuales&quot;. En: Teoría sociológica y turismo. Álvarez Sousa, A., (Ed.). Netbiblo, Oleiros (A Coruña. ?</p> <p>- VEVERKA, J. ((1998)). Interpretive master planning. Accorn Naturalists</p> <p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIATrátase dunha listaxe de lecturas recomendadas (servirán de consulta para os traballos), non son de obrigada lectura:Na plataforma Moodle, inclúense unha serie de documentos en pdf, artigos, manuais, que non son de lectura obrigatoria, senón de apoio á docencia. Sirven de consulta ao alumnado o están pensadas para un uso futuro.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Na plataforma Moodle, inclúense unha serie de documentos en pdf, artigos, manuais, que non son de lectura obrigatoria, senón de apoio á docencia. Sirven de consulta ao alumnado o están pensadas para un uso futuro.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías